

## INFORMACIÓN XERAL SOBRE OS SERVIZOS DE COMEDOR E DE MADRUGADORES NA REDE DE CENTROS PÚBLICOS DE EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA. CURSO 2014-2015

**DOC 1**

### ¿Que son os servizos de comedores e de madrugadores de Santiago?

“Comedores de Santiago” é o servizo de comedor que o Concello de Santiago, en colaboración coa Consellería de Educación, pon ao dispor das comunidades escolares dos centros de educación infantil e primaria seguintes: Apóstolo Santiago, As Fontiñas, Casas Novoa-A Sionlla (só madrugadores), Monte dos Postes, Quiroga Palacios, Raíña Fabiola, Ramón Cabanillas, Rodríguez Xixirei, Roxos-Villestro e Vite.

O servizo de comedores e madrugadores de Santiago está prestado pola empresa SERUNIÓN, por acordo da Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de data do 26 de setembro de 2013

Tendo en conta as particularidades que concorren en cada centro educativo e apoiándonos no bo facer dos coordinadores e do persoal que realiza o seu traballo en cada equipamento, achégase este protocolo de funcionamento e esta primeira guía informativa para coñecer este servizo pensado para unha mellor calidade da educación en Santiago e como recurso para a conciliación da vida familiar e laboral dos/as composteláns/ás.

### ¿Que horario ten o servizo de comedores e de madrugadores de Santiago?

**ALMORZOS:** dende a chegada do alumnado ao centro ata o comezo das clases da xornada de mañá; é dicir, dende as 7.30 h ás 9.00 h, 9.30 h ou 10.00 h, dependendo de cada centro escolar.

**XANTARES:** dende a finalización da última clase da mañá, ás 14.00 ou 14.30 horas, ata as 16.30 ou 17.00 h, dependendo do centro escolar.

CENTROS	HORARIO ALMORZO	HORARIO XANTAR
CEIP APÓSTOLO SANTIAGO	7:30h – 9:00h	14:00 – 16:30 h
CEIP ARQUITECTO CASAS NOVOA	7:30h – 9:00h	-
CEIP QUIROGA PALACIOS	7:30h – 9:15h	14:30 h – 16:30 h
CEIP DAS FONTIÑAS	7:30h - 9:30h	14:30 h – 16:30 h
CEIP DE ROXOS	7:30h - 9:30h	14:30 h – 16:30 h
CEIP DE VITE	7:30h - 9:30h	14:30 h – 16:30 h
CEIP RODRIGUEZ XIXIREI	7:30h - 9:30h	14:30 h – 16:30 h
CEIP MONTE DOS POSTES	7:30h - 9:30h	14:30 h – 16:30 h
CEIP RAÍÑA FABIOLA	7:30h - 9:30h	14:30 h – 16:30 h
CEIP RAMÓN CABANILLAS	7:30h - 9:30h	14:30 h – 16:30 h

### ¿Custo dos servizos?

Servizo de **ALMORZO**: 2,04 euros/día

Servizo de **XANTAR**: 2,93 euros/día

### ¿Como é o sistema de xestión de cobro aos usuarios?

O sistema de xestión de cobro aos usuarios do servizo de comedor por parte da empresa concesionaria do servizo SERUNION, efectuarase por adiantado, o día 10 do mes no que se presta o servizo, mediante a domiciliación bancaria.

Os teléfonos de atención ás familias para tramitar ou consultar calquera aspecto do sistema de xestión de cobros é:

#### Teléfono de Atención ás familias

- 902 200 218

#### Correo electrónico

- [comedores@serunion.elior.com](mailto:comedores@serunion.elior.com)
- [www.serunioneduca.com](http://www.serunioneduca.com)

As modificacións nos días de uso do servizo de madrugadores e/ou de comedor só se poderán realizar ata o día 25 de cada mes, mediante notificación por sms e persoalmente ou por teléfono a cada coordinador do centro.

### ¿Que teño que facer para darme de alta nos servizos?

#### A) Se NON teño formalizada a matrícula

- Todos aqueles usuarios que queiran facer uso do servizo municipal de comedores e de madrugadores no curso 2014-2015 que non tiveran formalizada a matrícula nos prazos establecidos (do 20 ao 30 de xuño de 2014), deberán entregar no Concello de Santiago de Compostela toda a documentación debidamente cuberta presentándoa no Rexistro Xeral do Concello de Santiago (Rúa do Presidente Salvador Allende 4, Galeras) ou nos Rexistros Auxiliares habilitados.
- O modelo oficial pode descargarse da páxina web do Concello de Santiago de Compostela [www.santiagodecompostela.org](http://www.santiagodecompostela.org), ou solicitalo no Departamento de Educación (Edificio CERSIA, Rúa Alcalde Raimundo López Pol, s/n), así como nos centros de ensino obxecto desta convocatoria, ao coordinador/a de cada comedor escolar e na páxina de comedores escolares [www.serunioneduca.com](http://www.serunioneduca.com).

- As admisións realizaranse por riguroso orde de entrada no Rexistro municipal, ata cubrir as prazas dispoñibles establecidas en 950 prazas que é o número máximo de comensais diarios do servizo para este próximo curso escolar.
- Non se tramitarán altas no servizo de madrugadores e/ou comedor naqueles casos que teñan pagos pendentes no curso 2013-2014.

### Se teño formalizada a matrícula e quero empezar a facer uso do servizo

Para facer uso dos servizos, deberá dirixirse ao Coordinador do Comedor do Centro nos horarios de madrugadores/comedor, ben sexa persoalmente ou telefonicamente.

### ¿Como debo facer para levar o meu fillo ao servizo de madrugadores?

No horarios establecidos estarán no centro escolar monitores e monitoras do equipo técnico do programa, que acompañarán aos vosos fillos e fillas, almorcen ou non.

### ¿Encárganse os monitores e monitoras de levar os rapaces e rapazas á clase?

Si, está previsto que os nenos e nenas estean acompañados polo equipo técnico. De maneira especial acompañaranse os escolares de educación infantil ata cada clase.

### ¿En que consiste o servizo de xantar?

O servizo de xantar é un momento lúdico-educativo de grande importancia no proceso educativo dos nenos e nenas cuns obxectivos comúns:

- Crear hábitos saudables á hora do xantar.
- Lograr que os rapaces e rapazas se divirtan coa actividade da comida.
- Promover actividades lúdico-educativas para xogar aprendendo.

### ¿Que fago no caso de que o meu fillo ou filla necesite unha dieta específica para o curso escolar?

Se necesita unha dieta especial debe deixar constancia xa na ficha de inscrición e comunicarllo ao/a coordinador/a ou ao monitor/a do seu centro no prazo máis breve posible.

### ¿E se a dieta é puntual?

Unha dieta puntual é aquela que necesita o voso fillo ou filla por calquera tipo de indisposición que aconteza puntualmente (gastroenterite...). Para comunicala debes poñerte en contacto co coordinador do centro escolar a través dun **SMS do móbil**. Así facilitamos a entrada de todas as incidencias puntuais en tempo e forma. No SMS debes deixar constancia do nome e dos apelidos do neno ou nena, o curso no que está matriculado e o tipo de dieta que solicita. Para que sexa efectiva esta comunicación e os servizos de cociña poidan asumila debe enviarse **antes das 9.30 horas de cada día**.

Aínda así, se hai que dar máis explicacións ao respecto podes chamar ao coordinador/a do centro e, por suposto, tamén podes comunicalo persoalmente.

### ¿Como teño que facer?

**Se vai a persoa autorizada** non debe esquecer levar documentación da identidade. **Por normas de seguridade os monitores e monitoras dos equipos técnicos teñen orde expresa de non deixar saír do centro a ningún neno ou nena cunha persoa que non estea debidamente identificada.**

**Se vai unha persoa distinta á autorizada** debe levar asinada unha autorización pola persoa que a autoriza. O impreso que está colgado na web ou lle será facilitado polo coordinador/a días antes. A autorización **SEMPRE** deberá ir acompañada do DNI da persoa autorizada, a quen se lle poderá requirir. Pensade que a seguridade dos vosos fillos e fillas é prioritaria para os equipos técnicos.

Todo documento de autorización pode ser descargado da web do servizo de comedor e de madrugadores na Rede de Centros Públicos de Educación Infantil e Primaria do Concello de Santiago de Compostela: [www.serunioneduca.com](http://www.serunioneduca.com)

### ¿Que fan os rapaces despois de xantar?

É o momento para o desenvolvemento dun conxunto de actividades, de acordo co proxecto educativo baseado no xogo e na aprendizaxe de bos hábitos de saúde a través de diferentes temáticas.

Dende o xogo e o lecer, os participantes terán ocasión de aprender cousas novas como complemento dunha boa educación.

### ¿O servizo de comedores e madrugadores de Santiago pódeme asesorar dalgún xeito?

Unha das moitas novidades que se ofrece é un servizo de consultas a través da web, nomeadamente en dous aspectos fundamentais do desenvolvemento dos vosos fillos. Por unha banda, o aspecto nutricional, para o que contamos cunha nutricionista que dará resposta ás vosas dúbidas. E por outra, aquelas cuestións referidas á conduta dos nenos e das nenas que serán atendidas por un equipo constituído por unha psicopedagoga e dous psicólogos.

Este servizo pode ser utilizado cando o consideres.

### ¿Onde podo coñecer as novidades do servizo de comedores e madrugadores de Santiago?

As novidades que vaian incorporándose ao programa poden consultarse na web [www.serunioneduca.com](http://www.serunioneduca.com)

**¿E como me poño en contacto cos/as coordinadores/as e monitores/as?**

Comedores de Santiago conta cun coordinador xeral para todos os labores de coordinación intercentros; ademais, en cada centro hai un coordinador/a, que será o/a interlocutor/a cos pais e nais. Correo electrónico:

Horario de 7.00h – 9:30horas e 14:00 - 16.30 horas	COORDINADOR	TELÉFONO
COORDINADOR XERAL	IGNACIO FARIÑA	628 071 775
<b>CENTROS</b>		
CEIP APÓSTOLO SANTIAGO	MARCOS ROMERO	638 261 559
CEIP ARQUITECTO CASAS NOVOA	ALEJANDRA LOUREIRO	638 261 526
CEIP QUIROGA PALACIOS	JOSÉ ANGEL TARRIO	638 261 479
CEIP DAS FONTIÑAS	DORINDA CID	638 261 536
CEIP DE ROXOS	SANDRA MANEIRO	638 261 746
CEIP DE VITE	MONICA FERREIRO	638 262 869
CEIP RODRIGUEZ XIXIREI	ALEJANDRA LOUREIRO	638 261 526
CEIP MONTE DOS POSTES	JUAN JOSÉ CONDE	638 261 345
CEIP RAIÑA FABIOLA	CANDELA CHAN	638 261 687
CEIP RAMÓN CABANILLAS	IGNACIO FARIÑA	628 071 775

E como servizo público dependente do Concello de Santiago, vostede pode poñerse en contacto co:

Departamento Educación  
Edificio CERSIA  
Rúa do Alcalde Raimundo López Pol, s/n – San Lázaro  
Tfnos.: 981 554 400/401  
Fax: 981 571 511

[dptoeducacion@santiagodecompostela.org](mailto:dptoeducacion@santiagodecompostela.org)  
[www.santiagodecompostela.org](http://www.santiagodecompostela.org)